



O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Igualdade deste instituto, no seu afán de loitar contra a desigualdade e de propagar o uso da lingua galega, anima a toda a Comunidade educativa ao seu emprego, e con este fin convoca un **CONCURSO DE VÍDEOS CURTOS** ou **PRESENTACIÓNS** sobre a **VIOLENCIA DE XÉNERO E A IGUALDADE**

BASES

- 1- Poderá participar neste concurso todo o alumnado do noso instituto de forma individual ou que sexan convivintes. Os vídeos terán unha duración máxima de 3 minutos e as presentacións constarán de 10 diapositivas aproximadamente, e levarán nome e apelidos, curso e grupo dos seus autores/as.
- 2- Os vídeos gravaranse entre convivintes para avitar así calquera posible contaxio de coronavirus e **implicar á familia** nas actividades do instituto; e a lingua utilizada será o galego. Tamén se poderán gravar monólogos sobre o tema.
- 3- O tema a tratar será o da Violencia de xénero ou o da Desigualdade (maltrato psicolóxico, físico, sexual, actitudes machistas, diferenzas salariais, laborais ...).
- 4- **PRAZO:** Os vídeos ou presentación poderán presentarse e enviarse ata as 16:00h. do martes 24 ao seguinte correo electrónico: igualdadeotero@gmail.com
- 5- O profesor de Valores Éticos e Igualdade tratará este tema nas súas clases e motivará ao seu alumnado para que realice estes vídeos ou presentacións.
- 6- O Equipo de Igualdade e o de Dinamización da Lingua Galega seleccionará o mellor vídeo e/ou presentación do instituto en base ao tratamento do tema e non tanto aos efectos especiais que estes poidan ter.
- 7- **PREMIOS:** Haberá diplomas e premios sorpresa para o gañador de cada nivel. Haberá tamén diplomas para o mellor de cada aula, e o gañador visualizarase nas aulas o mércores 25 e ou xoves 26.
- 8- Ademais, proponse que ese mércores acudamos todos e todas con saias como xesto de apoio á igualdade.
- 9- Polo tanto, quedades todos e todas convidados a participar neste concurso para tomar conciencia sobre os problemas da **DESIGUALDADE, DA VIOLENCIA DE XÉNERO E O MALTRATO.**



Fala galego, usa a túa lingua!

